

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FORCAREI
CELEBRADA O DÍA 15 DE OUTUBRO DE 2015.**

ASISTENTES	
	GRUPO POLÍTICO
ALCALDESA:	
D ^a Belén Cachafeiro Anta	PP
CONCELLEIROS	
D Ricardo Villaverde-Iglesias	PP
D Vicente Búa Martínez	PP
D ^a María Jesús Sineiro Vidal	PP
D Alejo Vidal Moreno	PP
D José Francisco Bouzas Vázquez	PP
D ^a Ana Isabel Doval Fraiz	PS de G -PSOE
D Miguel Pereira Fernández	PS de G -PSOE
D José Manuel Álvarez Sanmartín	PS de G -PSOE
D ^a María Abilleira Pomar	F.F
D Roberto Jorge Correa	BNG
Falta previa excusa:	
SECRETARIA:	
D ^a M ^a Elena Sueiro Fernandez	

En Forcarei a 15 de outubro de 2015, xoves, sendo as doce horas quince minutos no Salón de Plenos da Casa Consistorial, previa convocatoria para o efecto, reúnense, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación do Concello de Forcarei.

A tódolos asistentes entregóuselles copia da orde do día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, pola Sra. Presidenta declárase validamente constituída a sesión.

Pásase a continuación a trata-los seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS 30/07/2015 ,28/08/2015, 11/09/2015 e 24/09/2015

A Sra. Alcaldesa da conta dos borradores das acta correspondentes ás datas sinaladas na orde do día, preguntando se algún membro da Corporación desexa formular observacións ou rectificacións ás mesmas.

Sometidas a votación, son aprobadas, por unanimidade de membros presentes, as seguintes actas: 30/07/2015 ,28/08/2015, 11/09/2015 e 24/09/2015.

2.- DACION DE CONTA RESOLUCIÓNS E DECRETOS DE ALCALDÍA.

Pola Presidencia enténdese dada conta destas resolucións que, xunto coa súa relación estiveron a disposición dos Sres. Concelleiros dende a convocatoria da sesión, quedando enterada a Corporación Municipal.

3.- CORRECCIÓN DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 3/2015

Por parte da Alcaldía explícase a proposta que se presenta o pleno, indicando que como xa se advertiu con ocasión da aprobación do PEF polo concello a modificación de crédito realizada para investimentos financeiramente sostibiles non estaba correctamente formulada polo que resulta necesario traela ó pleno para a súa corrección, xa que logo no PEF se adoptaba como medida a de non utilizar o superávit



orxamentario a non ser para realizar investimentos financeiramente sostibles. Tal extremo consta no informe de secretaría intervención de data 7 de outubro de 2015, que consta no expediente. Indica que polo demais o concello cumpre todos os requisitos para poder utilizar o superávit para esta modificación de crédito, como xa os cumpría en marzo cando se realizou a mesma. Expón polo miúdo o contido da proposta, tal e como consta no expediente e no informe de secretaría intervención de data 7 de outubro de 2015, en relación co informe de 20 de maio de 2015.

Aberta quenda de intervencións, D^a. Ana Isabel Doval Fraiz, voceira do PSdeG-PSOE, sinala que polo que se indica no informe necesítase pedir unha liña de crédito. Entrase nun debate sobre o contido da modificación de crédito, e D^a. Ana Isabel Doval Fraiz pregunta porque non vai nesta modificación de crédito o investimento das vivendas sociais e o parque Venezuela. A Sra. Alcaldesa resposta que actuarase nas vivendas sociais, pero cos 30.000,00 € que xa estaban no orzamento inicial, non cos que viñan desta modificación de crédito. e D^a. Ana Isabel Doval pregúntalle si fixo un préstamo e si vai acometer as obras das vivendas sociais antes do 31 de decembro de 2015, ó que a Sra. Alcaldesa resposta que non fixo falta un préstamo para investimentos e que iniciará as obras das vivendas sociais cos 30.000,00 € xa consignados no orzamento. Chegados a este punto iniciase un debate sobre as vivendas sociais.

D Roberto Jorge Correa, concelleiro do BNG, integrante do grupo mixto pregunta cales van ser os camiños que se van arranxar. A Sra. Alcaldesa resposta que Corneas-Quintelas e Masgalán de Abaixo.

Sometido o asunto a votación resulta:

- Votos a favor: seis (6), Sres/as. Concelleiros/as do PP

-Votos en contra: dous (2), Sres/as Concelleiros/as do BNG e F.F, integrando o grupo mixto

- Abstencións: tres (3), Sres/as Concelleiros/as do PSdeG-PSOE

Queda aprobado por maioría absoluta do número legal de membros da corporación o seguinte acordo:


"PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de corrección da modificación de créditos n.º 03/2015, aprobado por pleno de 6 de marzo de 2015, na modalidade de crédito extraordinario, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, de acordo co PEF aprobado polo pleno de 30 de xullo de 2015, que comprenderá gasto financeiramente sostible :

Altas en aplicacións de Gastos

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE
453 610 (04)	PAVIMENTACIÓN EN FREIXEIRA, VILAVERDE E GRAÑA DE UMIA	121.000,00
133 600 (01)	ADQUISICION DE SOLAR PARA APARCADOIRO	21.700,00
453 610	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS	20.000,00

IMPORTE TOTAL162.700,00 €.

2.º FINANCIAMENTO



Esta modificación financiase con cargo ao superávit resultante da liquidación do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Alta en concepto de Ingresos

CONCEPTO		DESCRICIÓN	IMPORTE
87000	01	Remanente de tesourería para gastos xerais	162.700,00
TOTAL MODIFICACIÓN DE CRÉDITO			162.700,00

SEGUNDO. Expoñer este expediente ao público mediante anuncio introducido no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra*, por quince días, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións, debendo publicarse o anuncio correspondente no BOP; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas. Do expediente remitirase copia á Administración do estado e da Comunidade Autónoma.

4.- ACORDAR A BAIXA DA ESCOLA DE MÚSICA NO REXISTRO DA XUNTA


Pola Sra. Alcaldesa expónse que dende o ano 2006 ven funcionando a escola de música encargándose da súa xestión a Asociación Flor de Toxo. Dita escola de música estaba inscrita no Rexistro de Escolas de Música e Danza da Comunidade Autónoma, pero non se viña prestando por xestión directa, tal e como se acordara nun pleno de 2015. En setembro a Asociación Flor de Toxo presenta un escrito comunicando que a actual directiva pretende causar baixa e que a escola de música que estaba ó seu cargo quedaría sen actividade, polo que se solicitou informe de secretaría sobre a viabilidade de prestación de dito servizo, informe emitido en data 30 de setembro de 2015. Xa se tiveron reunións con Flor de Toxo e ca Banda de Gaitas, e a regularización que se pretende facer dando de baixa á escola municipal non afecta ó funcionamento das dúas asociacións, xa que o concello vai seguir axudando ás dúas asociacións. Con este acordo tan só se pretende arranxar unha irregularidade dando de baixa a escola no rexistro da Xunta como municipal, pero se vai seguir apoiando ás agrupacións para que continúen ca prestación das actividades que desenrolan.

D^a. Ana Isabel Doval Fraíz, voceira do PSdeG-PSOE, indica que á vista do informe de secretaría intervención e de outros concellos onde o se vai arranxando o tema e o seguen a levar a través de asociacións, parece que dende un principio non se quere buscar unha solución.

A Sra. Alcaldesa resposta que está o problema da contratación de persoal polo concello, e que Flor de Toxo, que levaba a escola non quere continuar ca súa xestión. Houbo reunións cas asociacións e se lles ofreceu subvención ou contratos de actuacións, e as asociacións implicadas están a estudar e traballar neste tema.

D^a. Ana Isabel Doval Fraíz, voceira do PSdeG-PSOE, pregunta si se valorou como vai repercutir nos antigos alumnos da escola de música o custo do servizo, xa que pasarán de ser alumnos dunha escola a ser socios. Estamos a falar de cultura.

A Sra. Alcaldesa sinala que tamén hai no concello outras actividades culturais e deportivas, como a escola de fútbol que funcionou sen axudas públicas ata agora. No 2012 cando se fixo o plan de axuste suprimíronse subvencións, como a da Asociación de mulleres, e tamén subvencións ás festas do



concello, e seguen a funcionar.

D^a. Ana Isabel Doval Fraíz indica que non vai a entrar na xestión das asociacións, pero si lle interesa saber como vai repercutir esta situación no alumno da anterior escola de música, que antes pagaba só por clases dun instrumento e agora vai ter que pagar por dous ou tres. Espera que as asociacións poidan levar moi ben as clases de música, preo que lle gustaría que fose o concello o que asumise esas clases como propias, como fan outros concellos. A Sra. Alcadesa resposta que non vale que indique que o resto dos concellos funcionen así, xa que visto o informe de secretaría entende que este concello debe regularizar a situación. D^a. Ana Isabel Doval insiste en que non se trata de regularizar, senón de desfacerse da escola de música. Entran nun debate sobre a situación en que estaba a funcionar dita escola, e D^a. Ana Isabel Doval entende que o que hai que facer é buscar unha solucións ós déficits indicados no informe de secretaría.

D^a María Abilleira Pomar, concelleira de F.F, integrante do grupo mixto, pregunta porque no ano 2013 non se regularizou a situación da escola de música cando moitos concellos así o fixeron.

A Sra. Alcadesa indica que no 2013 non se fixo nada porque non recibira ningunha carta da Asociación Flor de Toxo dicindo que non xestionaba a escola de agora en diante.

D. Roberto Jorge Correa, concelleiro do BNG, integrante do grupo mixto, indica que dende o principio se estaba a facer unha xestión delegada polo concello.

Antes de pasar o asunto a votación D^a. Ana Isabel Doval pregunta si a concelleira Dna. M^a Jesús Sineiro Vidal non debería absterse na votación por ser presidenta da Asociación de Gaitas. Outorgada a palabra a secretaría infórmase que o presente acordo non ten que ver ca Asociación da Banda de Gaitas, senón ca baixa no rexistro da Xunta da escola municipal de música de Forcarei como tal escola municipal, polo que pregunta directamente á Sra. Concelleira si ten algún motivo especial polo que deba absterse na votación. Dna. M^a Jesús Sineiro Vidal entende que non hai ningunha causa de abstención.

Sometido o asunto a votación resulta:

- Votos a favor: seis (6), Sres/as. Concelleiros/as do PP

-Votos en contra: cinco (5), Sres/as Concelleiros/as do PSdeG-PSOE, do BNG e F.F, integrando o grupo mixto

Queda aprobado por maioría absoluta do número legal de membros da corporación o seguinte acordo:

Comunicar á Xunta de Galicia a baixa da Escola Municipal de Música de Forcarei no rexistro de Escolas de Música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia, cal autorización de inclusión no rexistro foi publicada no DOG nº 149 de 3 de agosto de 2006 , ó non estarse prestando o servizo de escola de música polo Concello.

5.- DACIÓN EN CONTA DE DESPIDO LABORAL.

Pola Alcaldía, en cumprimento do disposto no artigo 21.1.h da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dáse conta do seguinte Decreto de data 7 de outubro de 2015 sobre despido laboral:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto que dende o ano 2006 encontrase en funcionamento a Escola de Música Municipal do



Concello de Forcarei, cuxa inscrición no Rexistro de Escolas de Música e Danza da Comunidade Autónoma de Galicia foi autorizada mediante a orde de 05/07/2006 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Visto que a xestión da dita Escola e polo tanto deste servizo estivo sempre a cargo da Asociación Flor de Toxo, dedicada a formación musical no municipio de Forcarei desde fai máis dunha década.

Visto que en data 23 de setembro de 2015, a presidenta da Asociación Flor de Toxo, [REDACTED] presenta escrito ó Concello de Forcarei comunicando que a actual directiva da dita Asociación pretende causar baixa, manifestando en dito escrito que a xestión da Escola de Música Municipal que estaba o seu cargo se quedaría sin actividade.

Visto que este Concello ten contratado dende 01-12-2006 a don [REDACTED] con DNI nº [REDACTED] como profesor de música, durante 8 horas semanais (4 horas o luns e 4 horas o mércores), e cun salario de 436,67 € brutos, mensuais, para impartir clases na dita escola de música.

Visto o Informe emitido en data 30 de setembro de 2015 pola Secretaria-Interventora do Concello de Forcarei ó amparo do artigo 3.a) del RD 1174/1987, no que expón a situación actual da Escola de Música Municipal deste Concello no que informa:

"Non é posible asumir por parte do concello a prestación do servizo de escola municipal de música:

1º. Non ser un servizo competencia municipal ó abeiro do establecido na LRBRL e non poder considerar, de acordo ca Lei 5/2014 de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración local de Galicia, que non se trata dun novo servizo.

2º. Non contar con aplicación orzamentaria que ampare un gasto por ese concepto.

3º. Ó non contar ca estrutura organizativa necesaria para levalo (regulamento do servizo e ordenanza fiscal).

4º. Non poder contratar persoal para a súa xestión. Respecto ó único profesor contratado polo concello quedaría sen actividade, xa que non pode levar por si só un servizo que polos demais motivos non pode asumir o concello."

Considerando que o posto de traballo como profesor de música queda vacío de contido como consecuencia do cese da actividade por parte da Asociación Flor de Toxo que é quen xestionou ata a data a Escola de Música Municipal e de quen dependía a continuidade do servizo, e ante a imposibilidade de asumir a prestación de dito servizo por parte do Concello de Forcarei polos motivos expostos anteriormente que, basicamente, resúmense: que non se trata dun servizo de competencia municipal; non se conta con partida presupostaria destinada a esta Escola e que puidera amparar ese gasto; non se conta con estrutura organizativa para levalo a cabo; e non se podería tampouco contratar novo persoal por imposibilidade normativa.

Por todo o exposto anteriormente esta Alcaldía, de conformidade co establecido no artigo 21.1h da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local:

RESOLVE:

1º.- Extinguir a relación laboral de don [REDACTED] con esta corporación municipal.

2º.- Que a relación laboral con don [REDACTED] se extinga con data 07/10/2015.

3º.- Que se poña a súa disposición a indemnización legalmente prevista, de vinte días de salario por ano de servizo cun tope de 12 mensualidades, que ascende a cantidade de 2.596 €.

4º.- Que se poña a súa disposición a cantidade de 218,34 € brutos, cantidade equivalente a 15 días de salario, en concepto de falta de preaviso, de conformidade co establecido no artigo 53 do Estatuto dos Traballadores.

5º.- Que no prazo máximo de 1 mes lle sexa transferida a liquidación de haberes salariais que por todos os conceptos lle correspondan.

Forcarei, 7 de outubro de 2015"

A corporación toma coñecemento.

6.- DELEGACIÓN NA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (O.R.A. DE PONTEVEDRA) XESTIÓN E RECADACIÓN DAS SANCIÓNS DE TRÁFICO.



A Sra. Alcaldesa expón a súa proposta de delegar na Excm. Deputación Provincial de Pontevedra a xestión e recadación de sancións de tráfico en casco urbano, que se teñen que tramitar por persoal do Concello, incrementando a súa carga de traballo. Indica que o Concello leva toda a recadación voluntaria directamente, e tan só ten delegada a recadación en executiva no ORAL.

Aberta quenda de intervencións, D. Roberto Jorge Correa, concelleiro do BNG, integrante do grupo mixto, pregunta cal é o importe das multas recadadas noutro anos, ou si tan só é un baleirado de contido de competencias municipais. Entende que debe ser unha competencia municipal, o concello non pode baleirarse de contido delegando competencias.

A Sra. Alcaldesa resposta que este Concello é un dos poucos que está a levar toda a recadación directamente, estando tan só delegada a recadación executiva na Excm. Deputación, polo que non se trata de baleirar de contido o concello, que xa ten unha gran carga de traballo. Ademais nos últimos anos a recadación pos sancións debeu ser duns 200 €, ó que o Sr. Concelleiro do BNG resposta que si hai tan pouco volume de sancións non é moito o traballo, polo que a motivación ten que ser a de desfacerse de competencias municipais.

D^a. Ana Isabel Doval Fraiz, voceira do PSdeG-PSOE pregunta a partir de que data se vai levar esta xestión polo ORAL, e de que volume de traballo neste exercicio se está a falar. A Sra. Alcaldesa resposta que non sabe a partir de que data, porque unha vez feito o acordo municipal de delegación, a Deputación ten que seguir ca tramitación para aceptar esta delegación. Indica que este ano xa hai oito sancións de tráfico. D^a. Ana Isabel Doval Fraiz, pregunta si se van tramitar polo concello, e a Sra. Alcaldesa indica que se vai intentar que xa as tramite a Deputación.

Sometido o asunto a votación resulta:

- Votos a favor: seis (6), Sres/as. Concelleiros/as do PP
- Votos en contra: dous (2), Sres/as Concelleiros/as do BNG e F.F, integrando o grupo mixto
- Abstencións: tres (3), Sres/as Concelleiros/as do PSdeG-PSOE

Queda aprobado por maioría absoluta do número legal de membros da corporación o seguinte acordo:

1.- Delegar na Deputación Provincial de Pontevedra-ORAL, de acordo co disposto no artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 8 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o Regulamento Xeral de Recadación, ás facultades de:

- **Recadación das multas de tráfico.**

2.-. Encomendar na Deputación Provincial de Pontevedra-ORAL., de acordo co disposto no art. 15.4 da Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a xestión da seguinte actividade:

- **A colaboración na tramitación dos expedientes sancionadores en materia de multas de tráfico, dende o comezo do procedemento sancionador co boletín de denuncia ata o inicio do proceso recadatorio**

3.- Ambas partes conveñen en cumprir coas funcións e obrigas de comunicación e colaboración descritas na normativa indicada, fundamentalmente o disposto nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 8 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, co obxecto de facilitar o exercicio das competencias delegadas ou encomendadas na Deputación de Pontevedra. O Concello deberá prestar a colaboración necesaria, especialmente nos seguintes aspectos: a localización de suxeitos pasivos, contribuíntes, obrigados ao pagamento ou debedores, certificando ou informando respecto da súa veciñanza ou non no termo municipal, a posesión ou carencia de bens e o exercicio ou non de actividades; poñer a disposición dos Servizos Tributarios da Deputación



os seus rexistros e bases de datos que conteñan información de interese tributario, respectando en todo caso o que establecen a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e as normas que a desenvolven; así como a exposición pública no taboleiro de anuncios do concello e outros lugares de costume, dos edictos que se diten no exercicio das competencias delegadas. A Deputación Provincial porá a disposición do Concello os medios necesarios para o subministro da colaboración e dará conta periodicamente dos resultados da xestión das competencias delegadas, poñendo a súa disposición información sobre a situación dos recursos xestionados.

Respecto a encomenda de xestión da colaboración na tramitación dos expedientes sancionadores, ambas partes conveñen en cumprir coas funcións e obrigas de comunicación e colaboración descritas na normativa reguladora, fundamentalmente as contidas no Regulamento do Servizo de Colaboración nas Sancións de Tráfico (BOP de Pontevedra nº 118 de 24 de xuño de 2010). En especial, a asunción por parte do ORAL-Deputación de Pontevedra da defensa e representación ante os órganos xurisdiccionais, tanto por actos ditados en vía disciplinaria como recadatoria; e, por parte do Concello, o compromiso de cumprir cos prazos establecidos no Regulamento citado, relativos á gravación das denuncias e devolución da documentación trasladada polo ORAL, así como proporcionarlle ó ORAL-Deputación os instrumentos necesarios, entre os que destaca o de subscripción, para facilitar a tramitación da documentación que sustenta o procedemento sancionador en materia de tráfico.

4.- A delegación e a encomenda sométense ás condicións establecidas nas Bases para a prestación do servizo aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial en data 20/07/92, na Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos, aprobada polo Pleno da Deputación Provincial en data 03/05/2013, no Regulamento do Servizo de Colaboración na Xestión das Sancións de Tráfico aprobada polo Pleno da Deputación Provincial en data 26/03/2010, na Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL) aprobada polo Pleno da Deputación Provincial en data 22/02/2013, e demais disposicións de pertinente aplicación ou, no seu caso, a normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa.

5.- Facúltase á Sra. Alcaldesa para que, en nome e representación do Concello, formalice o correspondente convenio coa Deputación Provincial así coma os demais documentos que procedan.


7.- MOCIÓNS

7.1.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE SOBRE A MARCHA ESTATAL CONTRA AAS VIOLENCIAS MACHISTAS DE 07/11/2015

Con data 24 de setembro de 2015, nº de rexistro de entrada 3660 presentase polo PSdG-PSOE a moción que se relaciona no encabezamento.

A Sra. Alcaldesa quere felicitar ó grupo do PSdG-PSOE pola moción presentada, xa que carece de todo contido político, polo que o seu grupo vai votar a favor da mesma.

Sometido o asunto a votación resulta aprobada por unanimidade de membros presentes que supón maioría absoluta do número legal de membros da corporación o seguinte acordo:



MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE FORCAREI CON MOTIVO DA MARCHA ESTATAL CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS DE 7 DE NOVEMBRO 2015.

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Forcarei desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **Moción**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 7 de novembro de 2015 confluiremos en Madrid miles de persoas de todo o Estado, convocadas polo Movemento Feminista, para manifestarnos contra as violencias machistas.

Todas as persoas e entidades, especialmente as públicas, estamos emprazadas non só a manifestarnos e contribuir a esta acción cidadá, senón a reactivar e mellorar a prevención e a resposta á subsistencia da violencia machista evidenciada nos casos gravísimos deste verán, dez anos despois da Lei integral contra a violencia de xénero de 2004, das numerosas leis autonómicas e un ano despois da ratificación do Convenio de Istambul (BOE do 06.06.14), que se incumpren substancialmente en canto a prevención no ámbito educativo, que só dan protección laboral ou económica ao 1% das 126.742 denunciadas, ou de vivenda, mentres crece a desigualdade que é o caldo de cultivo da violencia.

Os concellos, como institución máis próxima, somos imprescindibles para a prevención e a atención social, xurídica e psicolóxica que establece o artigo 19 da lei estatal de 2004. Con todo, o artigo 27.3.c) da Lei de Réxime Local reformado pola Lei 27/2013 dl que os concellos só poderán prestar servizos sociais, de promoción da igualdade de oportunidades e de prevención da violencia contra a muller por delegación do Estado ou da Comunidade Autónoma financiada ao 100%, que en absoluto cobren os 6 millóns da partida 45 do programa 232C de Violencia de Xénero no Proxecto de Orzamentos do Estado 2016.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Forcarei presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN** instando o Concello a:

- colocar o 7 de novembro de 2015 na fachada do Concello unha pancarta violeta coa lema "contra as violencias machistas" e promover a participación cidadá na Marcha.
- facelo igualmente cada ano o 25 de novembro, Día internacional contra a violencia cara ás mulleres.
- soste r tódolos días do ano, tódolos anos, os recursos persoais, materiais, e políticos para a igualdade e para a prevención e atención xurídica, social e psicolóxica ás vítimas de violencia machista, cumprindo o art. 19 da Lei Orgánica 1/2004, establecendo un sistema estable de financiamento estatal, autonómica e local a longo prazo.
- asegurar unha atención estable e de calidade, en condicións de ampla accesibilidade, confidencialidade, protección e anonimato, que inclúa rehabilitación, avaliación e seguimento, o que leva a xestión pública directa dos servizos para a igualdade e contra a violencia de xénero.



- **contribuír á promoción da igualdade e contra a violencia de xénero en todos os centros e en tódalas etapas educativas, cooperando coa comunidade escolar.**
- **promover campañas de sensibilización contra o sexismo na actividade cultural, de organización de festexos, de seguridade e convivencia e tódalas actuacións e servizos de competencia municipal.**
- **erradicar o sexismo, a segregación, o acoso e os estereotipos sexuais en todas as nosas actuacións e servizos.**
- **desenvolver unha atención especial ás mulleres con discriminación múltiple e outros colectivos agredidos pola violencia machista, como persoas con diversidade sexual, inmigrantes, con diversidade funcional, paradas ou dependentes, e non incorrer na victimización múltiple nos procesos de atención.**
 - **fomentar a participación da sociedade civil, en particular as organizacións de mulleres.**

Enviar este acordo á Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, para que no seu seguimento e Informes ao GREVIO para a aplicación do Convenio de Istambul que establece o seu artigo 68 inclúa, conforme aos artigos 7.3 e 18.2, as actuacións da administración local.

24 de Setembro de 2015


 Voceira Grupos Municipais Socialista de Forcarei

ALCALDESA - PRESIDENTE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

8.-ROGOS E PREGUNTAS

A Voceira do PSOE, D^a Ana Doval, fai os seguintes:

- Respecto do acordo sobre o sector lácteo adoptado en pleno extraordinario de 11 de setembro, ¿adoptouse algunha das medidas incluídas no acordo?
- Esta semana rompeu o pomo da porta de acceso ó parque infantil das piscinas, asunto que xa comentou outras dúas veces, xa que considera moi importante este tema ó tratarse dun acceso a



un parque infantil. Roga que se arranxe e se leve a cabo un bo mantemento do parque infantil, que inclúa facer limpeza do mesmo, xa que está cheo de follas secas.

D. Miguel Pereira Fernández, concelleiro do PS de G –PSOE pregunta:

- ¿Qué pasa cas obras que se están a realizar en Cabanas-Gaxín que faltan por colocar as arquetas?
- A auga sae moi turbia por días en Forcarei ¿Será polo depósito?

D. José Manuel Álvarez Sanmartín, concelleiro do PS de G –PSOE pregunta:

- ¿Cando se vai colocar o caseto para os rapaces en Outeiro?
- Roga que se solucione dunha vez o tema do lavadoiro en Morgade, que está de novo atascado.

Dª María Abilleira Pomar, concelleira de F.F, integrante do grupo mixto, pregunta:

- ¿Cando se retoma os desbroces en Presqueiras, baixando de Morgade e en distintas pistas en Quintillán?
- O camiño que se vai a arranxar ¿é o que vai a dar á Igrexa? Ten queixas dos veciños que din que non caben dous coches ¿qué solución lles vai dar ós veciños?
- Roga que se presente o documento ó que a Alcaldesa fixo referencia na reunión do martes relativo a unha certificación da escola de música do ex concelleiro Javier Álvarez, e que dixo que lle ía a dar neste pleno .

D. Roberto Jorge Correa, concelleiro do BNG, integrante do grupo mixto roga que se acometa o desbroce do camiño de Presqueiras por detrás da casa de Tomás.

A Sra. Alcaldesa resposta o seguinte:

- En canto ó acordo sobre o sector lácteo estase a traballar neio.
- Ó parque infantil das piscinas se estivo limpando pero non lle informaron da incidencia do pomo.
- En canto ás obras en Cabanas-Gaxín están encargadas as arquetas.
- Sobre as augas turbias indica que cando chove moito afecta, pero que se fan analíticas para que a auga sexa de consumo. Miguel Pereira indica que ó mellor cando chove non se fai ningunha analítica, e a auga sae de cor ferrosa.
- O caseto de Outeiro vaise a arranxar.
- O lavadoiro de Morgade atáscase, pero o poderían desatascar os veciños ou o concelleiro da zona. D. José Manuel Álvarez sinala que non se trata de desatascalo, que xa o fixeron moitas veces e volve a atascarse, que debe ser dos tubos.
- Indica que xa se retomaron os desbroces, que estes se ralentizaron por mor dunha rotura de auga en Soutelo pois houbo que enviar alí a todos os traballadores dispoñibles para solucionalo. Agora estase rematando Meavía, Quintillán e logo Presqueiras. Dª María Abilleira di que hai zonas moi perigosas por falta de visibilidade na estrada, e que por alí pasea moita xente maior.
- O camiño de Corneas estase a rematar.




- En canto ó rogo presentado por Dna. María Abilleira indica que non lle dixo que llo ía a dar. Intervén Dna. Ana Doval e di que como concelleira pode solicitar documentación. Á pregunta de Dna. María Abilleira sobre que é exactamente o que debe solicitar, a Sra. Alcaldesa di que un papel (recóllese esta mención na acta a petición da concelleira Dna. María Abilleira).

E non tendo outros asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa-Presidenta da Corporación, levanta a sesión, sendo as trece horas e vintecinco minutos, co que se da por rematado o acto, estendéndose a presente acta que asina a Sra. Alcaldesa-Presidente, comigo Secretaria, de todo o canto eu, dou fe.

Vtº e Pr.

A Alcaldesa,



Asdo: Belén Cachafeiro Anta.

A Secretaría,



Asdo: Mª Elena Suelto Fernández